



# CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |  
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

## **BORRADOR ACTA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DE DATA**

**25/09/2008**

### **ASISTENTES:**

D. Manuel Anxo Taboada Rodríguez, Alcalde-Presidente, grupo PSOE  
D. Ildefonso José Piñeiro Díaz, Tenente de Alcalde, grupo BNG  
D<sup>a</sup> Araceli Río Bimbiela, grupo PSOE  
D. Roberto Iglesias Delgado, grupo PSOE  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Amadora Gómez Álvarez, grupo PSOE  
D. Xesús Mazaira Varela, grupo BNG  
D<sup>a</sup>. Olga Otero Gómez, grupo BNG  
D. Manuel Lorenzo Varela Rodríguez, grupo PP  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Susana López Abella, grupo PP  
D. Manuel Diéguez Carballo, grupo PP.  
D. José Castor Novoa Fernández, grupo PP  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Cándida Carneiro Blanco, grupo PP  
D. José Luís Janeiro Rodríguez, grupo PP

### **AUSENTES:**

### **SECRETARIO:**

D. Rafael del Barrio Berbel.

No salón de sesións da Casa da Cultura do Concello de Chantada, sendo as vinte horas do día vintecinco de setembro de dous mil oito, reuníronse, previa convocatoria en legal forma practicada, os señores/as concelleiros/as que se relacionan arriba e que constitúen a maioría absoluta dos que compoñen o Pleno da Corporación, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Manuel Anxo Taboada Rodríguez, e asistidos por min, o Secretario, co obxecto de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse a,

### **ORDE DO DÍA:**

#### **1º. - APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 28/08/2008.**

Polo Sr. Alcalde dase a coñecer a acta pendente de aprobación correspondente á sesión ordinaria de data 28/08/2008. O non haber observacións enténdese aprobada por unanimidade.

#### **2º.- DAR CONTA DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 18/09/2008 SOBRE A DETERMINACIÓN DOS DÍAS FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2009.**



# CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |  
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

Polo Sr. Secretario dase conta da parte dispositiva do Acordo da Xunta de Goberno Local de data 18/09/2008 sobre a determinación dos días festivos locais para o ano 2009, do seguinte tenor literal:

“PRIMEIRO.- Determinar como días festivos locais para o ano 2009 no termo municipal de Chantada os seguintes:

- 25 de agosto, martes da empanada.
- 8 de setembro, martes romería do faro.

SEGUNDO.- Comunicar o presente acordo á Delegación provincial de Traballo de Lugo para o seu coñecemento e efectos oportunos, e dar conta do mesmo na seguinte sesión plenaria.”

## **3º.- MOCIÓNS DOS GRUPOS POLÍTICOS:**

### **3.1.- PSOE. SOBRE A ADHESIÓN Á REDE ESPAÑOLA DE CIDADES SAUDABLES.**

*“Sométese ao Pleno do Concello de Chantada a proposta de adhesión á Rede Española de Cidades Saudables realizada polo grupo municipal de Concellos Saudables a cargo da Concelleira Araceli Río Bimbiela.*

*A Rede Española de Cidades Saudables persegue a promoción e protección da saúde e o benestar dos cidadáns, en concordancia cos principios de actuación correspondentes ao proxecto “Healthy Cities” da Organización Mundial da Saúde.*

*En xeral, as liñas xerais da Sección céntranse en:*

- 1. Asegurar o mantemento dos contactos interinstitucionales para a consolidación das relacións intersectoriales, necesarias no ámbito da promoción e protección da saúde.*
- 2. Fomentar a colaboración e a acción conxunta das cidades participantes en materia de promoción e protección da saúde.*
- 3. Axudar ás cidades participantes a desenvolver modelos operativos de promoción e protección da saúde na comunidade, que poidan servir como modelos de boa praxe no concernente á promoción e protección da saúde no contexto urbano, en concreto o diagnóstico e os plans de saúde.*

*É por todo iso que o grupo municipal de Concellos Saudables a cargo da Concelleira Araceli Río Bimbiela presenta, para o seu debate e aprobación polo Pleno da Corporación, a seguinte proposta de acordo:*

*1º.- O Pleno da Corporación aproba a adhesión á Rede Española de Cidades Saudables e, en consecuencia, que se realice unha declaración institucional por parte do Alcalde dirixida a todos os cidadáns onde se plasme o compromiso municipal de adhesión á Rede.*

*2º.- Ter elaborado unha análise de situación e un plan de saúde para a cidade ou o compromiso de elaboralos.*

*3º.- Designación dun responsable político e un responsable técnico, como interlocutores ante a Rede.*

*4º.- Que se realicen todos os trámites oportunos para que o alta na Rede Española de Cidades Saudables.”*



# CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |  
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

A Sra. Río Bimbiela explica o contido da moción sinalando que Chantada pertence á rede de concellos saudables da Consellería de Medio Ambiente, e agora o concello pretende adherirse á rede española de cidades saudables.

A Sra. López Abella móstrase favorable coa moción e considera interesante adherirse a devandita rede, pero lamenta que a única proposta que leve a pleno o equipo de goberno sexa esta moción.

Sometida a moción a votación é aprobada por unanimidade.

## **3.2.- PP. SOBRE A ENTRADA EN VIGOR DA LEI 9/2008 DO 28 DE XULLO, DE MEDIDAS TRIBUTARIAS SOBRE SUCESIÓNS E DOAZÓNS.**

*“O pasado día 7 de agosto, o Diario Oficial de Galicia publicaba a Lei 9/2008, sobre medidas tributarias en relación co imposto sobre sucesións e doazóns en Galicia, que entrou en vigor o día 1 de setembro.*

*En primeiro lugar é convinte recordar que a primeira reforma deste imposto foi acometida polo PPdeG cando gobernaba a Xunta de Galicia no ano 2002, ( lei 3/2002 de 29 de abril de medidas de réxime fiscal e administrativo, e lei 7/2002 de 27 de decembro de medidas fiscais e réxime administrativo ) convertindo a Galicia en comunidade autónoma pioneira en acometer rebaixas fiscais no imposto de sucesións e doazóns.*

### **REFORMA CATIVA E INSUFICIENTE**

*Pola contra, e a pesar dos esforzos propagandísticos da actual Xunta de Galicia por dar a entender outra cousa, o certo é que as medidas tributarias acometidas neste imposto na súa recente reforma publicada no D.O.G o 07.08.08, se por algo destacan é por ser insuficientes, incompletas e discriminatorias respecto ás comunidades autónomas case todas gobernadas polo PP, nas que este imposto xa non existe.*

*Así, moitos galegos e galegas xa se viñan beneficiando dende o ano 2002 de rebaixas impositivas presentadas agora como novidades, como o caso das transmisións das pequenas e medianas empresas.*

*O alcance, máis propagandístico que real da reforma se evidencia nas propias cifras, nos números. Así, o impacto económico da reforma revela que a perda de recaudación prevista é apenas dun 35%, moi lonxe do 90 % que a Xunta de Galicia intenta “vender”.*

### **REFORMA INCOMPLETA**

*Deste xeito, cando casi o 70% das C.C.A.A. teñen suprimido de feito o imposto, entre os membros da unidade familiar básica, en Galicia seguimos tendo que tributar. A día de hoxe, once Comunidades Autónomas xa suprimiron o imposto de sucesións e doazóns: Cantabria, A Ríoxa, Baleares, Castela e León, Castela-A Mancha, Madrid, Murcia, Valencia, Canarias, País Vasco e Navarra. Por conseguinte, os galegos e galegas seguimos a estar en peor posición respecto os cidadáns de aqueles territorios que xa non tributan, que son máis de 23 millóns en todo o Estado. As doazóns de pais a fillos seguen gravadas na súa totalidade, constituíndo un motivo máis para a deslocalización dos patrimonios familiares.*

*Por elo, a reforma non soluciona o principal problema que tiña este tributo, posto que aínda permanecen as diferencias entre Galicia e moitas comunidades onde practicamente é gratis heredar.*

### **REFORMA DISCRIMINATORIA**

*A nova norma, trata de xeito distinto aos que son iguais e iguala aos que son diferentes. Ademais da discriminación territorial, é discriminatoria no trato persoal aos contribuíntes, pois trata de xeito distinto a aqueles que teñen os mesmos dereitos derivados da mesma situación*



# CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |  
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

*xurídica ( porque ocupan a mesma posición na liña hereditaria ), e polo tanto deberían ser tratados de igual xeito.*

*Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta a seguinte MOCIÓN para a súa consideración e aprobación polo Pleno do Concello de Chantada:*

*Instar á Xunta de Galicia para que se amplíen as exencións no pago do imposto sobre sucesións e doazóns ata lograr na práctica, a supresión total deste gravame, como xa fixeron outras Comunidades Autónomas de España.”*

A Sra. López Abella explica o contido da moción sinalando que é unha moción importante, que se presenta en tódolos concellos de Galicia para que paulatinamente suprimíase este imposto como xa se fixo noutras comunidades autónomas.

O Sr. Iglesias, portavoz do grupo PSOE, apunta que esa moción xa se debateu noutra sesión plenaria e que a postura vai ser a mesma que naquela ocasión.

O Sr. Mazaira, portavoz do grupo BNG, sinala tamén que esta moción xa se debateu e que a van a rexeitar pola pouca coherencia do grupo popular, xa que a emenda á totalidade que presentou o PP de reforma para gravar as rendas mais altas, non ten nada que ver co que se presenta agora.

A Sr. López Abella incide en que a primeira reforma é do ano 2002, e que Galicia foi pioneira en rebaixas fiscais neste imposto, que rexeitaron a totalidade por ser insuficiente, e que o texto do PP alternativo beneficiaría a un 99 % dos galegos e ás explotacións agrarias. Sinala tamén que o texto alternativo persegue mellorar o tratamento das familias, e pretende dar continuidade ao texto do PP, que non é en absoluto incoherente co que se presentou no parlamento de Galicia.

O Sr. Alcalde pregunta que porqué non se fixo no ano 2002 e aboliuse todo o imposto solucionando o problema.

O Sr. Mazaira di que o PP quere que tributen igual unha persoa que hereda cinco mil euros que outra que hereda 5 millóns de euros, e que as reformas de Aznar foron nese sentido, o que supón unha concepción distinta no xeito de tributar, e para nós é insalvable e por iso rexeitámolo a moción.

A Sra. Abella di que non se faga demagogia sobre o asunto, e afirma que o que se promove con esta lei é unha discriminación entre os propios galegos, pondo diversos exemplos.

Sometida a moción a votación é denegada por seis votos a favor correspondentes aos membros do grupo PP e sete votos en contra correspondentes aos membros dos grupos PSOE e BNG.

### **3.3.- PP. PARA SOLICITAR AO GOBERNO A REFORMA URGENTE DA FINANCIACIÓN LOCAL E QUE NON DISMINUAN OS INGRESOS LOCALES POLAS TRANSFERENCIAS DO ESTADO NOS PGE DE 2009.**

- *“Vulnerabilidad financiera dos municipios ante a crisis económica*

*O actual momento de crise económica está poñendo de manifesto unha vez máis os desequilibrios no modelo de financiación local que pode afectar moi gravemente a forma e calidade de prestación de servizos a los veciños por parte dos Concellos. A situación financeira de moitos municipios é difícil e se veu agravado substancialmente nos últimos meses.*



# CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |  
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

*A caída xeneralizada da economía española ten unha especial incidencia nas arcas municipais onde, por exemplo, os ingresos locais vinculados a actividade urbanística están minorándose e xa están por debaixo do 20% do total dos ingresos municipais.*

*A isto hai que engadir a dificultade do acceso o crédito, que é maior que outras Administracións, así como o difícil cumprimento dos requisitos de estabilidade orzamentaria a pesar dos plans de austeridade que moitos municipios teñen aprobado.*

*Si a elo se lle engade o problema estrutural da financiación local que leva arrastrando en España nos últimos 30 anos, debido entre outras causas, os servizos que prestan os Concellos sen ser da súa competencia, por ser a Administración máis cercana os veciños e sensible a súa demanda. Por elo, se fai obrigatoria por en marcha de xeito inmediato reformas institucionais e que no ámbito da financiación permitan empezar a dar solución a este problema.*

*E por elo, que a negociación e execución do novo modelo de financiación local ten que ser inminente e simultáneo a reforma autonómica. Así, debe establecerse as bases do Pacto Local para o traspaso das competencias e financiación dende as Comunidades Autónomas e os Estes Locais.*

*Xa pasado o 27 de maio, o Comité Executivo da FEMP aprobou unha resolución na que se reiteraba a necesidade de abordar a reforma da financiación local de forma global e no seu conxunto, manifestando así mesmo que dita negociación debía realizarse de xeito simultáneo e vinculada a financiación autonómica. Todo elo no marco dos compromisos expresados polo Goberno.*

- *Preocupación polas previsións orzamentarias para 2009 en canto a participación dos Entes Locais nos Ingresos do Estado, que avanzou el Ministerio de Economía y Hacienda.*

*O incremento da taxa de paro rexistrado que incide maioritariamente no sector da construción, a escasa evolución do emprego, o recorte das previsións do crecemento do PIB, se xuntan con unhas previsións de crecemento para o 2009 de só o 1%.*

*Neste contesto, as cifras avanzadas polo Ministerio de Economía y Hacienda para a Participación dos Entes Locais nos ingresos do Estado de 2009 son moi preocupantes e poñen as arcas locais o borde do abismo.*

*Si se materializa esta previsión, as EELL van a perder financiación en termos reais en case 700 M € pola práctica conxelación das entregas a conta en 2009, dado que o IPC pode situarse probablemente en un 4%.*

*Por elo, se somete a consideración do Pleno de Chantada a aprobación dos seguintes acordos:*

*PRIMERO.- Reclamar o Goberno de España un Acordo simultáneo e vinculado cas Comunidades Autónomas e os Entes Locais para reforma urxente da financiación local paralela a da financiación autonómica e para establecer as bases do Pacto Local, de forma que os Entes Locais podan contar antes de que finalice este ano con unhas normas claras e*

*precisas que se adecúen as súas necesidades reais de financiación, se lles doten de maior capacidade normativa e solucionen o déficit arrastrado pola prestación de servizos impropios.*

*Igualmente se insta o Goberno para que a futura reforma da Ley de Bases de Régimen Local aborde definitivamente a delimitación precisa das competencias dos Concellos e Deputacións Provinciais co fin de evitar a situación actual de asunción de competencias impropias.*



# CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |  
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

*SEGUNDO.- Exixir o Goberno da Nación a creación urxente dun Consejo Local de Política Financeira, que se reunirá trimestralmente ca Administración General del Estado e no que participarán a Federación Española de Municipios e Provincias, os seis maiores municipios de España e unha representación dos municipios medianos e pequenos para tratar os temas de interese bilateral: actualización do catastro, transferencias estatais, xestión dos convenios e cooperación administrativa.*

*TERCERO.- Elixir o Goberno da Nación un incremento na Participación nos Ingresos do Estado por parte dos Entes Locais para o Exercicio 2009.*

*CUARTO.- Solicitar o Presidente da Federación Española de Municipios y Provincias, a celebración dunha Asemblea Extraordinaria da FEMP que reivindique a reforma da financiación local, a súa estabilidade orzamentaria e o saneamento das facendas locais, de forma que podan os Estes Locais garantir os cidadáns os servizos que necesitan en condicións de igualdade e equidade, e para alcanzar o peso político e institucional que corresponde os Entes Locais como administración máis próxima."*

A Sra. López Abella explica o contido da moción sinalando que o tema do financiamento local é importante no goberno de Chantada e en Galicia, e que os alcaldes de Allariz e Lalín mostraban a súa preocupación pola situación das facendas locais e a diminución dos ingresos, tendo en conta que os concellos asumen un 30 % máis dos servizos que lles corresponde por lei.

O Sr. Alcalde propón unha moción de transacción, mostrándose de acordo cos puntos 1 e 3 da moción do PP, se se retirasen os puntos 2 e 4 da mesma. Sinala tamén que a Federación de Municipios ten o seu calendario e sabe cando convocar asembleas segundo os seus estatutos, e que están traballando no tema xa que son os mais interesados.

O Sr. Piñeiro explica que os concellos galegos representan o 6.5% da poboación do Estado e reciben un 5.27 % da participación dos ingresos do Estado, e que o financiamento local é inxusto e insuficiente xa que en Galicia cóntase coa metade dos núcleos de poboación do Estado, e non se ten en conta o custo dos servizos. Sinala que non se ten en conta a dispersión poboacional, a extensión territorial, nin o envellecemento da poboación, o que perxudica aos concellos galegos respecto dos do resto do Estado. Así mesmo, sinala que nos criterios de repartición para os concellos de menos de 75.000 habitantes debería computar a poboación cun 65%, a superficie cun 10%, o número de núcleos cun 10%, e o esforzo fiscal cun 15 %, e debería engadirse o envellecemento da poboación como criterio de repartición. Tamén apunta a necesidade de ser transferida á Xunta de Galicia a participación nos ingresos do Estado, propondo retirar os puntos 2 e 4 da moción do grupo PP e engadir esta proposta.

O Sr. Varela móstrase favorable cos criterios da dispersión territorial e do envellecemento da poboación, pero en contra da transferencia á Xunta da participación nos ingresos do Estado, sinalando que debería ser ao revés, que xa se fixo a primeira descentralización do Estado ás comunidades autónomas, e agora debería de facerse a segunda descentralización das

comunidades autónomas ás entidades locais, acompañando o financiamento necesario para a prestación dos servizos.

O Sr. Piñeiro non ve inconveniente en que se retire parte da súa proposta, resumíndoa nos seguintes criterios de repartición para os municipios de menos de 75.000 habitantes: Superficie 10%, Núcleo de poboación 10%, Poboación 65%, Esforzo fiscal 15%, e envellecemento da poboación como elemento a ter en conta nos criterios de repartición.



# CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |  
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

O Sr. Alcalde procede á lectura dos 8 puntos da moción do grupo PSOE, sinalando que tamén se poden incluír o punto 8 na moción de transacción.

A Sra. López Abella móstrase favorable coa moción conxunta, sinalando que estaría composta cos puntos 1 e 3 da moción do PP, engadíndose como punto terceiro os criterios de repartición apuntados polo Sr. Piñeiro.

Sometida a moción conxunta a votación é aprobada por unanimidade coa seguinte redacción:

*“PRIMERO.- Reclamar o Goberno de España un Acordo simultáneo e vinculado cas Comunidades Autónomas e os Entes Locais para reforma urxente da financiación local paralela a da financiación autonómica e para establecer as bases do Pacto Local, de forma que os Entes Locais podan contar antes de que finalice este ano con unhas normas claras e precisas que se adecúen as súas necesidades reais de financiación, se lles doten de maior capacidade normativa e solucionen o déficit arrastrado pola prestación de servizos impropios.*

*Igualmente se insta o Goberno para que a futura reforma da Lei de Bases de Réxime Local aborde definitivamente a delimitación precisa das competencias dos Concellos e Deputacións Provinciais co fin de evitar a situación actual de asunción de competencias impropias.*

*SEGUNDO.- Esixir o Goberno da Nación un incremento na Participación nos Ingresos do Estado por parte dos Entes Locais para o Exercicio 2009.*

*TERCEIRO.- Propor os seguintes criterios de repartición para os municipios de menos de 75.000 habitantes: Superficie 10%, Núcleo de poboación 10%, Poboación 65%, Esforzo fiscal 15%, e envellecemento da poboación como criterio de repartición.”*

## 4º.- ROGOS E PREGUNTAS.

### PREGUNTAS

1. Sr. Varela: En que situación está a adquisición dos terreos para a depuradora que está comprometida pola Consellería de Medio Ambiente?

- Sr. Alcalde: Esta semana visitounos o equipo do Subdirector de Augas de Galicia que explicou a alternativa máis viable segundo os estudos técnicos, que sería por un depósito na actual depuradora, prolongando os colectores ata a variante da Ponte, e saíría polo camiño de servizo da variante, e estaría situada no lado esquerdo da pista de Meixide. Está previsto adquirir 13.000 metros, aínda que se podería reducir, estase buscando a alternativa máis viable, falta concretar os metros dos colectores e en función diso negociar cos propietarios.

-Sr. Varela: Temos unha filtración da Consellería de que son uns 5 millóns de euros para Chantada, e o que o Concello tiña que facer os seus deberes e ter os terreos canto antes, senón o diñeiro pérdese .

- Sr. Alcalde: Non se perde.

2. Sr. Varela: En relación coa manifestación sobre a sidrería, o Conselleiro de Medio Ambiente fixo declaracións quitándolle ferro ao tema de Chantada, e daba a impresión de que ninguén falara co Conselleiro para axilizar e quitar as trabas ao expediente.

- Sr. Alcalde: O Conselleiro coñece a situación de Chantada, tanto él como o delegado provincial eran conscientes de todo. En Lugo asinouse un convenio para o polígono industrial de Chantada por 200.000 euros. Tamén se atrasaron vostedes co proxecto.



# CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |  
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

3. Sr. Varela: Que pasa cos orzamentos de 2008?

- Sr. Alcalde: Fíxose unha declaración complementaria a Enerfín, se non se fixera aquel convenio con Enerfín eximíndoo do imposto do ICIO, agora habería máis financiamento. Dado que vostede non deixou liquidez ningunha agora estase buscando liquidez, e fíxose unha liquidación complementaria do ICIO por importe de 750.000 euros mais o IBI de dous anos anteriores. Ao ser amplos os orzamentos permiten ser prorrogados.

- Sr. Varela: Entón porqué valían en agosto?

- Sr. Alcalde: Entón faltaban uns temas por tratar.

4. Sr. Varela: Gustaríanos que fixese unha valoración das manifestacións de responsabilidade que dirixen a vostede e á Consellería de Medio Ambiente o Tenente de Alcalde, o Sr. Piñeiro, e o delegado de Industria, o Sr. Mazaira.

- Sr. Alcalde: Eu as valoracións fágoas cando o considero oportuno, e xa as fixen.

- Sr. Varela: Vistos os feitos e a xestión nula xunto coa Consellería do PSOE, e logo de ver o que se fixo e o que estamos facendo aos veciños, faríalle o rogo de que presentase a súa dimisión porque vostede está incapacitado para dirixir os destinos deste pobo como cómpre.

- Sr. Alcalde: Son os veciños de Chantada os que terán que dicilo, non creo que vostede este capacitado para dicilo, xa estivo 12 anos e non fixo absolutamente nada no polígono, estivo dous anos parado, desde o 2005 ata o 2007, non cobrou o canón, non votou en contra de Cacharro, nin lle rompeu ningún papel, polo que quizais debería vostede dimitir como cabeza da oposición polo lastre que deixou.

-Sr. Varela: Terémolo en conta e xa verá vostede a oposición que se pode facer desde esta bancada.

E sendo, as vinteuna horas, e tendo cumprido ou obxecto da convocatoria, levantouse a sesión, de todo o cal, como secretario, dou fé e certifico.

Chantada, 29 de agosto de 2008

O ALCALDE

O SECRETARIO

Manuel Anxo Taboada Rodríguez

Rafael del Barrio Berbel